



BOP

LUNS, 9 DE MARZO DE 2020

N.º 056

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

CASTROVERDE

Anuncio

Aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 18 de febreiro de 2020, as bases específicas para a concesión de subvencións para a realización de obras e actividades culturais e deportivas por parte de comunidades, agrupacións ou asociacións do Concello de Castroverde, faise público que o prazo de presentación de solicitudes será de corenta días naturais seguintes á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Igualmente faise público que a documentación atópase a disposición dos interesados nestas oficinas municipais e na páxina web do Concello.

Castroverde, 3 de marzo de 2020.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0528

CERVO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 28 de febreiro de 2020, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de xaneiro de 2020 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo da Escola infantil Municipal e da Piscina Municipal así como o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e os padróns correspondentes ao 6º bimestre de 2019 das taxas polos Servizos de Abastecemento de Auga, Recollida de Lixo e Saneamento.

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o Padrón.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o do 9 de marzo ao 11 de maio de 2020. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. No caso do canon da auga, esta falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calqueira oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 28 de febreiro de 2020.- O Alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 0529

GUITIRIZ

*Anuncio***LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NO EXPEDIENTE DE SELECCIÓN DE 28 AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR COMO PERSOAL LABORAL FIXO MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE. EXPTE 888/2019.**

Por Decreto de alcaldía do Concello de Guitiriz de data 26/02/2020 aprobouse a seguinte lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos á convocatoria para a selección de 28 auxiliares axuda no fogar como persoal laboral fixo mediante concurso-oposición libre en execución das OEP do ano 2019, dentro do proceso de estabilización de emprego temporal do art. 19.Uno.9. da LOXE de 2018

Aspirantes admitidos/as:

APELIDOS E NOME	LINGUA EXAMES
Aguión Tizón, Tatiana	Castelán
Álvareiño Prieto, Raquel	Galego
Bergantiños Vázquez, Ana María	Castelán
Buján Rivas, María Belén	Castelán
Corral Paz, Julia	Galego
García López, María Soledad	Galego
García Ocampo, Remedios	Castelán
García Tomé, María Carmen	Galego
Iglesias Gómez, Piedad	Galego
López Rivas, Celia	Castelán
Mel López, Vanessa	Castelán
Merino Lagares, Jessica	Castelán
Morandeira Uriz, Maria Mercedes	Castelán
Montes Pena, Mónica	Castelán
Otero Losada, María Teresa	Castelán
Paz González, Olimpia	Castelán
Piñeiro Tomé Guadalupe	Galego
Pereira López, María de Los Angeles	Castelán
San Román López, Ana Marta	Galego
Santos Pérez, María Fe	Galego
Vila González, Maria Rosa	Castelán

Aspirantes excluídos/as:

APELIDOS E NOME	CAUSA
Ferreiro Gayoso, Rosa María	-Non achega xustificante de pago das taxas de participación -Non achega xustificante da titulación esixida. -Non achega relación de méritos coa puntuación que entende o aspirante que lle corresponde.
Fernández Álvarez, Laura	-Non achega relación de méritos coa puntuación que entende o aspirante que lle corresponde.
García Pereira, María da Soidade	-Non achega relación de méritos coa puntuación que entende o aspirante que lle corresponde.
López Aller, María Belén	-Non achega relación de méritos coa puntuación que entende o aspirante que lle corresponde.
Marín Gutierrez, Verónica	-Non acredita a titulación esixida.
Pimentel Gallego, Sara Eva	-Non acredita a titulación esixida.
Río Sanjurjo, Rosa	-Non acredita a titulación esixida.

De conformidade coa base 5.2. das bases da convocatoria, durante o prazo máximo de 10 días hábiles, dende a publicación da lista provisional no BOP de Lugo, de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os interesados poderán corrixir os defectos a que alude no referido artigo, e formular reclamacións ás listas provisionais. De non presentar solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

O que se publica no taboleiro de edictos, na páxina web, na sede electrónica (guitiriz.sedelectronica.gal) municipal e no BOP de Lugo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Guitiriz, 27 de febreiro de 2020.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0530

Anuncio

LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NO EXPEDIENTE DE SELECCIÓN DE TRES PEÓNS DE SERVIZOS MÚLTIPLES COMO PERSOAL LABORAL FIXO MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE. Expte. 889/2019.

Por Decreto de alcaldía do Concello de Guitiriz de data 26/02/2020 aprobouse a seguinte lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos á convocatoria para a selección de tres peóns de servizos múltiples como persoal laboral fixo mediante concurso-oposición libre en execución das OEP dos anos 2017 e 2019, dentro do proceso de estabilización de emprego temporal do art. 19.Uno.7. da LOXE de 2018:

Aspirantes admitidos/as:

APELIDOS E NOME	LINGUA EXAMES
Áres Bello, Andrés	Galego
García Varela, Pablo	Castelán
Iglesias García, Josefa	Castelán
Otero Fernández, Boris	Castelán
Prado Miragaya, Horacio	Castelán
Roca Seijido, Ramón	Galego
Salgueiro Novo, José Carlos	Castelán
Taboada Morandeira, María Jesús	Castelán
Tella Neira, Luis	Castelán
Vázquez Ares, Manuel	Galego

Aspirantes excluídos/as:

APELIDOS E NOME	CAUSA
Aldrei Bao, Julio Alberto	-Non achega xustificante de pago das taxas de participación -Non achega relación de méritos coa puntuación que entende o aspirante que lle corresponde.
García Gómez, Jose Manuel	-Fóra de prazo.
García Souto, Daniel	-Non achega xustificante de pago das taxas de participación -Non achega relación de méritos coa puntuación que entende o aspirante que lle corresponde.
Pérez Hermida, Francisco Juan	-Non achega relación de méritos coa puntuación que entende o aspirante que lle corresponde.
Porto Prieto, Alberto	-Non acredita a titulación esixida.
Varela Pichín, Manuel	-Non presenta relación de méritos coa puntuación que entende o aspirante que lle corresponde.

De conformidade coa base 5.2. das bases da convocatoria, durante o prazo máximo de 10 días hábiles, dende a publicación da lista provisional no BOP de Lugo, de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os interesados poderán corrixir os defectos a que alude no referido artigo, e formular reclamacións ás listas provisionais. De non presentar solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Publicar a presente resolución no taboleiro de edictos, na páxina web, na sede electrónica (guitiriz.sedelectronica.gal) municipal e no BOP de Lugo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Guitiriz, 27 de febreiro de 2020.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0531

LÁNCARA*Anuncio***Información pública**

Por decreto desta alcaldía de 29 de febreiro de 2020, aprobouse o padrón de suministro de auga e IVE s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon autonómico de auga correspondente ao 4º trimestre 2019.

O importe total do padrón ascende a 49.883,34 €, sendo o período voluntario de cobro dende o 16 de marzo de 2020 ó 15 de maio de 2020, de conformidade co previsto nos arts. 12 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 62.3 da Lei Xeral Tributaria.

O que se expón ao público na Casa do Concello, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do prazo de exposición ó público do padrón. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Láncara, 2 de marzo de 2020.- O alcalde, Darío A Piñeiro López.

R. 0532

LOURENZÁ*Anuncio*

Notificación de baja de oficio en el Padrón Municipal de Habitantes por inscripción indebida.

“Con fecha dos de marzo de dos mil veinte se dicto Resolución de la Alcaldía en la que se aprueba lo siguiente:

1º.- Declarar el inicio del procedimiento de baja de oficio de la inscripción en el Padrón Municipal de Habitantes de este Ayuntamiento, por inscripción indebida de la persona que se relaciona a continuación:

- YOUSSEF LAGNAOUI.

2º.- No siendo posible practicar la notificación a la persona interesada, se inicia un plazo de quince días, que empezará a contar desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOE, según lo dispuesto en el artículo 44 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, para que la persona interesada presente ante esta Alcaldía las alegaciones que considere oportunas respecto a su situación en el Padrón de Habitantes.

3º.- De no presentar alegaciones en dicho plazo, y una vez recibido informe favorable del Consejo de Empadronamiento, se procederá a la baja en el Padrón Municipal de Habitantes del Concello de Lourenzá”.

Lourenzá 2 de marzo de 2020.- La Alcaldesa, Rocío López García.

R. 0533

AS NOGAIS

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data o día 03 de marzo de 2020, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de febreiro 2020.

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar dende o seguinte á publicación do anuncio no BOP.

Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados enviaranse ás respectivas entidades bancarias para que sexan adebedados nas contas respectivas.

Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, de acordo co artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edito no BOP. Contra a desestimación do recurso poderase interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Lugo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución expresa ou de 6 meses dende que se produza a desestimación presunta. Todo o anterior, sen prexuízo do dereito de interpoñer calquera outro recurso que o interesado estime conveniente.

As Nogais, 3 de marzo de 2020.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0534

O PÁRAMO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía de data **28/02/2020**, o Padrón de contribuíntes do prezo público do servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrência ou prestación básica e de dependencia, correspondente ao mes de **FEBREIRO** de 2020, polo importe total de **2.832.74 €**

Por medio do presente exponse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O Páramo, 3 de marzo de 2020.- O Alcalde- Presidente, D. Jose Luis López López.

R. 0535

RIOTORTO

Anuncio

Vistos pola Xunta de Goberno Local os padróns da taxa de suministro de auga domiciliaria no que se inclúe o canon de auga e da taxa de recollida de residuos sólidos urbanos correspondentes ao terceiro cuatrimestre de 2019, acordase por unanimidade e en votación ordinaria a súa aprobación así como a súa exposición pública polo prazo de 15 días hábiles contados dende o día seguinte a publicación do edicto no BOP. De non producirse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

Contra o acordo de aprobacións dos padróns poderá interpoñerse recursos de reposición no prazo dun mes contado dende o día inmediato seguinte o do término do período de exposición pública dos padróns e ante esta Xunta de Goberno Local.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso Contencioso-Administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezcan na Lei reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Para o cobro dos mesmos os recibos serán cargados nas contas bancarias respectivas e fíxase como período de cobro voluntario o comprendido entre o 10 de Marzo e o 13 de Abril de 2020.

Finalizado o período de cobro voluntario, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de Decembro da Facenda Pública e Lei Xeral Tributaria.

No tocante o canon de auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación do edicto de exposición pública dos padróns e o anuncio de cobranza ten o carácter de notificación colectiva o amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Riotorto, 3 de marzo de 2020.- O Alcalde, Clemente Iglesias González.

R. 0536

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

D. SINESIO NOVO FERNANDEZ, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 002 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 13/2020 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D. RABIA KORCHI contra MIGUEL ANTONIO INFANTE REYNOSO sobre ORDINARIO, se ha dictado auto de fecha 19/02/2020 cuya parte dispositiva dice literalmente:

“**DISPONGO:** Despachar orden general de ejecución a favor de RABIA KORCHI, frente a la empresa MIGUEL ANTONIO INFANTE REYNOSO, por la cantidad de **1.267,44 euros de principal**, más la de **325 euros** presupuestados provisionalmente para intereses y costas.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Mediante recurso de reposición a interponer en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación con expresión de la/s infracción/es cometida/s en la resolución, cumplimiento o incumplimiento de presupuestos y requisitos procesales exigidos y/o oposición a la ejecución despachada en los términos previstos en el art. 239.4 de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Social, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida.

Así lo acuerda y firma SSª. Doy fe.

LA MAGISTRADA- JUEZ. EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA”

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a MIGUEL ANTONIO INFANTE REYNOSO, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en los Boletines Oficiales de Lugo y León.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

LUGO, a veinticuatro de febrero de dos mil veinte.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 0537

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO**CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO – SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS***Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: **V/27/00068L**

PETICIONARIO: Ayuntamiento de Sober

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Núcleos: Suairexa

LOCALIDAD: Suairexa, Neiras (San Salvador)

TÉR.M. MUNICIPAL: Sober

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Neiras/Cabe

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Núcleos: Suairexa" – "Ayuntamiento de Sober", con un volumen máximo anual de 4.928,00 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Pozo de desbaste.
- Depuradora compacta de oxidación total.
- Pozo de toma de muestras.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 2 de marzo de 2020.- **EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL,CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS,** Diego Fompedriña Roca.

R. 0526

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: **V/27/01266**

PETICIONARIO: Hoteles del Miño, S.L.

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Motel en Santa Eufemia

LOCALIDAD: Santa Eufemia Calde (San Pedro)

TÉRMINO MUNICIPAL: Lugo

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Rego de Esperante/Lavadoiro de

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales industriales de "Motel en Santa Eufemia" – "Hoteles del Miño, S.L.", con un volumen máximo anual de 1.368,00 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Decantador digestor.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 2 de marzo de 2020.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 0527